



Sholeh Wolpé é poeta, dramaturga, editora e tradutora. Naceu no Irán e pasou a meirande parte da súa adolescencia en Trinidad e Gran Bretaña antes de se instalar nos Estados Unidos. É autora de tres libros de poesía, tres de traducións e editora de tres antoloxías. O último dos seus poemarios publicados é *Marcando a hora con xacintos azuis*. Como editora literaria publicou *Rompendo as mandíbulas do silencio*, unha antoloxía que reúne voces americanas da protesta, ou tamén a titulada *O prohibido: poemas do Irán e os seus exilios*. Entre as súas obras como tradutora cabe salientar unha antvoloxía poética da fascinante poeta persa Forugh Farrokhzad, unha colección de contos de tres autores iranianos e unha co-tradución ao persi do *Canto a min mesmo* de Walt Whitman. No prelo se atopa xa *A conferencia dos paxaros* de Attar, o poeta místico iraní do século XII. Wolpé foi galardoada en 2014 coa bolsa do Pen/Heim, en 2013 co Premio Midwest, e no 2012 co Premio Persa de Tradución Lois Roth. Ademais, gozou de bolsas como escritora en residencia coma a de Hedgebrook na illa Whidbey e a do Château de Lavigny en Suíza.

A súa obra ten sido traducida a varias linguas; os seus poemas e relatos foron incluídos en numerosas antoloxías tanto dos Estados Unidos coma doutros países. Wolpé impartiu aulas de escrita creativa e tradución literaria no máster de Stonecoast e, frecuentemente, participa en festivais, programas internacionais e diversas actividades universitarias. Reside hoxe en Os Ánxeles, California, e a súa páxina web é www.sholehwolpe.com

NO ALTO DE TEHERÁN

*Somos exiliados, fillos dos mortos
que se fundiron coa terra sen deixar rastro.*

*Mesmo a dez mil pés de altura vexo
que esta cidade é a miña casa, a miña atadura. Mira,*

a sombra deste avión tamén desaparece.



(SHOLEH WOLPÉ)

Luns 00 de ???????
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



Vicente Araguas



Natural de Xuvia – Neda (1950), **Vicente Araguas** converteuse en escritor en galego vivindo en Escocia. Acabaría instalándose definitivamente en Madrid, onde hoxe leva xa catro décadas.

Ademais de escritor de fondo, mantén un longo percorrido na docencia. Licenciado en Filosofía e Letras, é doutor en Filoloxía Inglesa cunha tese arredor do mundo poético de Bob Dylan. A súa ampla bibliografía (novela, ensaio, narrativa breve, traducións) acompáñase de milleiros de artigos en prensa diaria e revistas literarias.

Dende o seu xa afastado debut poético con *Paisaxe de Glasgow* (1978) ata o libro no que traballa actualmente, *Hai tanto que non estabas*, Araguas ten publicado unha ducia de poemarios en galego, recollidos en *Maneiras de querer* (2005); ben que *Xuvia revisitada* (2008) e *Cando fóramos nevar* (2013) viran a luz con posterioridade. Vertido ao inglés, catalán e italiano en diferentes escolmas, o propio Vicente Araguas é tradutor de poetas como Seamus Heaney, Derek Walcott, Alberto Calligaris ou Vittorio Gassman. Crítico literario en activo, *El Urogallo*, *Leer*, *Revista de Libros* ou *Nordesía* dan testemuña do seu traballo neste territorio. Coordinador das actividades poéticas da Casa de Galicia en Madrid durante a etapa dirixida por Alfonso S. Palomares, Vicente Araguas artellara nela as proveitosas “Estacións Poéticas”, polas que pasou a flor das poéticas galegas, españolas e portuguesas. Nos últimos tempos Araguas traballa, sendo director xunta o editor Sabino Torres, na preparación do primeiro número da revista de poesía *Bilbao*, aglutinadora da vida literaria galega asinada dende a capital do Estado, e filla do lonxevo faladoiro regular que manteñen.

EXPOÑO CANTO SINTO

*Falo galego tal como cantan os paxaros
ou teñen raias os tigres e as cebras
como fan a roda os pavos reais
no parque veciño ou brillan estrelas
esta noitiña no ceo de xaneiro.
Fáloo coa mesma naturalidade
con que dous se queren ou deixan ir
o amor polo río abaixo e volver
quererse e así sempre, sempre, sempre.
Fáloo e vou falalo aínda que non quedemos
máis que o canto dos paxaros, as raias
dos tigres e das cebras, os brillos das estrelas
e o coro de loucos que levan cantar á lúa
en galego. Cantándolle en galego.*



(VICENTE ARAGUAS)

Luns 00 de ???????
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



Sholeh Wolpé